

NORMAS DE CONDUTA

(NOF IES Ricardo Mella)

NORMAS XERAIS



O alumnado deberá **asistir ás clases** e deberá facelo con **puntualidade**.



Está terminantemente prohibido **fumar** dentro do recinto do Instituto.

Está prohibido traer ao centro **drogas** ou calquera tipo de substancia ilegal. Tamén está prohibido traer **calquera obxecto** que poida causar dano ás persoas. Estas son consideradas **Faltas Graves**.

Os **teléfonos móbiles** e aparellos electrónicos non se poderán empregar no interior dos edificios e deberán estar gardados e en silencio durante o horario lectivo. Só poderán empregarse no pavillón (antes de 1ª hora da mañá e da tarde), durante os recreos, e con fins educativos cando o profesorado o autorice. O uso non autorizado é unha falta **Menos Grave**.



Está terminantemente **prohibido sacar fotografías ou gravar a profesores e alumnos**. Tamén está prohibido **difundir imaxes** de profesores e alumnos a través das **redes sociais** (WhatsApp, Instagram, Tic-Toc...). Isto é unha **Falta Grave**.

Non se pode levar na roupa, ou nos complementos, **mensaxes ou imaxes** que poidan ser **ofensivos** ou contrarios á lei (por ex.: apoloxía do terrorismo, do sexismo ou da homofobia).



Está terminantemente prohibido calquera **acto discriminatorio**, calquera conduta ou **comportamento irrespectuoso, violento, agresivo, ofensivo e/ou de acoso** cara unha compañeira ou compañeiro.

Está terminantemente **prohibido comer e beber** no interior dos edificios.

Deberedes cumprir as normas de uso da **Cafetaría**: so poderedes ir durante o recreo e non se poderán usar as mesas.



No **transporte escolar** deberán cumprirse as seguintes **normas**: estar no sitio asignado, non comer nin beber, cumprir as indicacións do condutor. Ademais, os alumnos:

- Deberán **entrar no centro** ao baixar do transporte escolar, non podendo quedar fora.
- Deberán agardar polo transporte escolar nas zonas establecidas, ao **saír da clase**, e cumprir as instrucións dadas polo persoal do centro.



NORMAS NAS AULAS

Deberá garantirse o **normal desenvolvemento das clases**.

Para iso:

- Non se pode **falar** sen pedir permiso.
- Non se pode **tirar ningún tipo de obxecto**.
- Non se pode **molestar** as/os compañeiras/os
- Non se pode **facen ruídos** ou **provocar as risas** das/os compañeiras/os.
- Non se poden **interromper** as explicacións da profesora ou profesor.



O alumnado deberá manter unha **actitude activa** durante as clases. É dicir, deberá estar atento ás explicacións do profesorado e traer o material necesario para traballar. **Serán sancionadas as seguintes condutas:**

- Non manter a **compostura** na clase (p. exemplo: durmir ou traballar noutra materia).
- **Negarse a realizar as tarefas** e actividades propostas na aula polo profesorado.

Ademais, **está terminantemente prohibido:**

- **Danar o material do centro** ou doutros alumnos. Danar as infraestruturas do centro.
- **Comer e beber na aula. Mascar chicles ou chupar caramelos.**
- **Levar auriculares postos.**
- **Uso de viseiras, gorras, capuchas ou similares.**
(salvo aqueles de índole cultural, relixiosa ou que deban levarse por motivos de saúde).
- **Levantarse ou deambular** durante a clase sen a autorización da profesora ou profesor.
- **Ir ao baño durante as clases e nos cambios de clase**, agás que sexa unha **urxencia** e un profesor o autorice previamente. Si se autoriza, so se pode ir ao baño de un en un.

A aula deberá estar limpa e ordenada. Se a aula está sucia ou desordenada, o profesor poderá denegar a saída dos alumnos, ata que a limpen e ordenen.

O PROFESORADO TEN A CONSIDERACIÓN DE AUTORIDADE PÚBLICA Deberán cumprirse as ordes dadas polo profesorado e polo persoal non docente, que poderá **amoestar por escrito** aos alumnos que incumpran as normas, e mesmo expulsalos a **Aula de Convivencia**. Ademais das sancións que se imporán con cada falta disciplinaria, con:

- **Faltas Leves e Menos Graves:**

3 Faltas → o/a titor/a concertará unha cita de tutoría cos pais/nais

4 Faltas → a Xefa de Estudos avisará aos pais/nais do alumno/a.

5 Faltas → expulsión de **1 a 3 días**

A **acumulación de faltas disciplinarias leves e menos graves** poderá redundar na **suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares e complementarias**.

- **Faltas graves:** Expulsión do centro ou á aula de convivencia de **1 a 3 días**.

- Unha falta grave (dependendo das circunstancias) e a acumulación de Faltas de outro tipo poderá dar lugar a apertura dun **Expediente Disciplinario** que pode concluír coa expulsión do/a alumno/a de **1 a 30 días**.